Adrán Canoura begins his formation at Fundación TIC in Lugo, in Audiovisual Production and Realization studies. He continues with a specialization in Camera and Realization at Escola de Ficción de Voz Audiovisual. In 2016, he moved to Madrid to study the Master LAV: Laboratory of Practice and Contemporary Audiovisual Creation. Outstanding as a new talent for the Galician Audiovisual Academy in 2018, he can be revealed as a filmmaker or video artist whose creations are included in music videos, films, designs, performances or projects related to live visual creation with music bands like Guerrera, Nistra or Baiuca.

He works in different manners, from hybrid projects between documentary and fiction, to more experimental approaches to mystical anthropology of disappearing worlds. His film *Caerán Lóstregos do Ceo* was included by the prestigious critic and theorist of avant-garde cinema Nicole Brenez, as one of the best works of 2018, and won the Award for Best Avant-Garde Film and the Camira Award in Filmadrid. His films have been screened at numerous festivals around the world such as Sao Paulo, Fibda, Fracto, Nouveau Cinema, Curtas Vila do Conde or Curtocircuito.

#AULA

// VIDEOHIPNOSE. EXPERIMENTAR CO CINEMA NA ERA DIXITAL

OBRADOIRO impartido por **Adrián Canoura**

Son un artista, un antiartista, arrogante, modesto, un feminista, un misóxino empedernido, un romántico, un realista, un surrealista, conceptual, minimalista, posmoderno, beatnik, hippie, punk... Dixose da miña obra que é fermosa, horrible, bazofia, xenial, dispersa, precisa... contemporánea, iconoclasta, sofisticada, lixo, obra mestra, etc. É todo certo".

Bruce Conner

O cinema expandido foi o primeiro en considerar o vídeo, as imaxes dixitais e electrónicas como unha forma de arte, marcando un fito na historia da arte e instalándose como a orixe do pensamento sobre o que actualmente coñecemos como media art, arte electrónico, videoarte e arte e tecnoloxía.

Desde a súa orixe o vídeo propúxose como alternativa comunicacional e como crítica activa fronte aos medios masivos de comunicación audiovisual. E os novos canais de comunicación favorecen, precisamente, a hibridación entre o cinema máis convencional e o cinema expandido: posibilitando que as diferentes ramas se mesturen cunha maior facilidade e recoñecemento desde os espazos de exhibición. A flexibilidade deste contexto de traballo facilita o acceso do amateur (palabra derivada do latín amator "o que ama") a esta reformulación artística do cinema, que atopa na linguaxe audiovisual un enorme campo de experimentación e investigación que non atopaba nas disciplinas artísticas tradicionais.

Este obradoiro ten como proposta o achegamento a un medio, a unha linguaxe, a unha forma de facer cinema desde a combinación de elementos artísticos máis cercanos á poesía que á prosa, no que podemos denominar cinema experimental, cinema expandido ou como ben cita Bruce Conner (unha das figuras esenciais da mistura de todo tipo de arte do S.XX) "É todo certo", ou o que vulgarmente podemos dicir... todo vale.

Unha das claves do obradoiro foi cuestionar ou poñer en valor a liberdade creativa do autor, precisamente nun tempo no que a liberdade individual e constantemente cuestionada, a través dunha serie de condicionantes que limitaran ou expandiran as posibilidades de creación. Como ben se pode ver na película *Cinco condicións* (*De fem benspaend,* 2003) do director danés Lars Von Trier, no que compromete a un dos seus mentores a revisionar un dos seus filmes baixo unha serie de condicións, que o fan repensar a historia e utilizar diferentes formatos e levar a súa creatividade ao límite.

WORKSHOP by **Adrián Canoura**

"I am an artist, an anti-artist, no shrinking ego, modest, a feminist, a profound misogynist, a romantic, a realist, a surrealist, a funk artist, conceptual artist, minimalist, postmodernist, beatnik, hippie, punk (...) My work is described as beautiful, horrible, hogwash, genius, maundering, precise, (...), contemporary, iconoclastic, sophisticated, trash, masterpieces, etc. It's all true".

Bruce Conner

Expanded cinema was the first to consider video, digital and electronic images as an art form, marking a milestone in art history and settling itself as the source of thought about what we know today as media art, electronic art, video art, art and technology.
Since its inception, video has been proposed as a communication alternative and as an active review of the mass media. The new communication channels support the hybridisation between the most conventional cinema and the expanded cinema, enabling the different aspects to mix with greater ease and recognition from the exhibition spaces.

The flexibility of this work context facilitates the access of the amateur —word derived from the Latin amator "the one who loves"— to this artistic recreation of cinema, which finds in audiovisual language a huge field of experimentation and research not found in some other traditional artistic disciplines.

This workshop aims to approach a medium, a language, a way of making cinema from the combination of artistic elements closer to poetry than prose, in what we can call experimental cinema, expanded cinema or as Bruce Conner quotes as "It's all true", or what we can call by saying "It's all worth it".

One of the keys of the workshop was to question or value the author's creative freedom, precisely at a time when individual freedom is constantly being questioned, through a series of conditions that had limited or expanded the possibilities of creation. We can see it reflected in the film *The Five Obstructions* (*De fem benspaend,* 2003) by Danish director Lars Von Trier, in which he commits one of his mentors to watch again one of his films under a series of conditions that make him rethink the history, use different formats and take his creativity to the limit.



O CEO É AZUL CUNHA SOA NUBE

Fernando Areal Alvite
Estudante de 3º Grao en Comunicación Audiovisual UVIGO.

Degree in Audiovisual Communication (UVIGO).

TOCOTOCO

Clara Borrazás Franco
Estudante de 4º Grao en Belas Artes UVIGO.

Degree in Fine Arts (UVIGO).

STRIKE A POSE (FAI UNHA POSE)

Lara Cores Piñeiro
1º ano Máster de Moda (UVIGO).

Master in Fashion Design (UVIGO).

42° 25´ 57" N, 8° 38´47" W

Antía Encisa González
Estudante de 4º Grao en Belas Artes UVIGO .

Degree in Fine Arts (UVIGO).

GALICE GALICE

Yasmina Farhani Luaces
Estudante de 4º Grao en Belas Artes.

Degree in Fine Arts (UVIGO).

14
DEC.
18.00 h.
Teatro Principal

LOS APELLIDOS

Tamara Goberna García
Estudante de 4º Grao en Belas Artes UVIGO .

Degree in Fine Arts (UVIGO).



A > V

Alejandro López Mera
Programa de Doctorado en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo da UVIGO.

Doctorate Program in Creation and Research in Contemporary Art (UVIGO).

CORPO D'ÁGUA

Claudia Pineda Mesquida
Estudante de 4º Grao en Belas Artes UVIGO.

Degree in Fine Arts (UVIGO).

ARRIATES

Cristina Vera Aurioles
Programa de Doctorado en Creación e Investigación en Arte Contemporáneo da UVIGO .

Doctorate Program in Creation and Research in Contemporary Art (UVIGO).

SEN NOME

Rubén Mascato Mirazo
Estudante de 4º Grao en Belas Artes UVIGO .

Degree in Fine Arts (UVIGO).

Leonor Díaz Esteve é unha directora de arte e deseñadora de vestiario nacida en Elxe (Alacante). Traballou nas labores de dirección artística e deseño de vestiario en todas as películas de Chema García Ibarra, así como en proxectos doutros directores como David Pantaleón (*Rendir los machos*) ou Velasco Broca. A súa labor na curtametraxe *Misterio* foi galardoada cos premios á Mellor Dirección Artística en ALCINE (Alcalá de Henares), á Mellor Dirección Artística e ao Mellor Vestiario no Festival Cinepropio (Madrid), e á Mellor Dirección Artística no Festival de Cinema de Xetafe. En 2017, gañou o Premio ao Mellor Vestiario na Semana de Cinema de Medina del Campo por *La disco resplandece*. Traballou en videoclips para grupos como Klaus&Kinski, Laverca Bentley, Parade ou Templeton.

Leonor Díaz Esteve is an art director and costume designer born in Elche, Alicante. She has worked as artistic director and costume designer in all the films of Chema García Ibarra, as well as in projects of other directors such as David Pantaleón, *Rendir los machos*, or Velasco Broca. Her work in the short film *Mistery* was awarded with the prizes for Best Artistic Direction in ALCINE (Alcalá de Henares), for Best Artistic Direction and Best Costume at the Cinepropio Festival (Madrid) and for Best Artistic Direction at the Getafe Film Festival. In 2017, Leonor won the Award for Best Costume at the Medina del Campo Film Week for *The Disco Shines*. She has worked on music videos for bands such as Klaus & Kinski, Laverca Bentley, Parade or Templeton.

Chema García Ibarra dirixiu e escribiu *El ataque de los robots de Nebulosa-5* (2009), *Protopartículas* (2010), *Misterio* (2013), *Uranes* (2014), *La disco resplandece* (2016) y *Leyenda dorada* (2019, en co-dirección con Ion de Sosa), todas películas de ciencia ficción doméstica realizadas sen actores profesionais. As súas obras foron seleccionadas en festivais como a Quincena de Realizadores de Cannes, Sundance, Berlinale, San Sebastián, Rotterdam ou BAFICI. Entre os máis de 200 premios recibidos polas súas películas, destacan dúas Mencións de Honra en Sundance, unha Mención Especial do Xurado en San Sebastián e o Premio da Competición Vangarda e Xénero de BAFICI. Desde 2015 imparte a materia "Anti- filmmaking" na Diplomatura de Cine Documental da ECAM. *Espíritu Sagrado,* a súa primeira longametraxe, estreouse no Concurso Internacional do Festival de Locarno.

Chema García Ibarra has directed and written *The Attack of the Robots From Nebula-5* (2009), *Protoparticles* (2010), *Mistery* (2013), *Uranes* (2014), The Disco Shines (2016) and *The Golden Legend* (2019, in co-directed with Ion de Sosa), all of them domestic science fiction films made without professional actors. His films have been selected for festivals such as the Directors' Fortnight in Cannes, Sundance, Berlinale, San Sebastián, Rotterdam or BAFICI. His 200 plus awards include, among others, two Honorable Mentions at Sundance, a Mention from the Jury in San Sebastián, and the BAFICI Vanguard and Gender Competition Award. Since 2015 he has taught the Anti-filmmaking subject in the ECAM Documentary Film Diploma. *Sacred Spirit,* his first feature film, premiered at the Locarno International Film Festival.

16 e **17**
DEC.
17.00 h. a 20.00 h.
Casa das Campás
Previa inscrición

Pre-registration is required

// OS ENTES

OBRADOIRO impartido por **Chema García Ibarra** e **Leonor Díaz Esteve**

Todo o que está diante da cámara, xa sexa de natureza téxtil ou humana, constrúe a película. Ao enfocar así a fabricación dunha imaxe non se degrada o humano ata o nivel material, senón que se sublima o material ata o nivel humano. En resumo: as cortinas e as persoas reciben a mesma atención. Esta cunca conta o mesmo que varios diálogos ou esta gorra ten valor dramático. O proceso de selección de persoas (evitamos, xa explicaremos o motivo, a palabra *casting*) e o proceso de selección de mobles e indumentarias son paralelos e sinérxicos. Leonor Díaz Esteve (dirección artística e vestiario) e Chema García Ibarra (guión e dirección) falarán deses procesos conxuntos a partir das súas películas e mostrarán que, para eles, todo o que se coloca ante o obxectivo é un ente que merece o mesmo nivel de atención, agarimo e respecto.

WORKSHOP by **Chema García Ibarra** e **Leonor Díaz Esteve**

Everything in front of the camera, whether of a textile or human nature, builds the film. By focusing on the making of an image in this way, the human is not degraded to the material level but the material is sublimated to the human level. In essence, curtains and people receive the same attention. This cup says the same as several dialogues or this cap has dramatic value. The process of selecting people, furniture and clothing are parallel and synergetic. Leonor Díaz Esteve, art direction and costume design, and Chema García Ibarra, script and direction, will talk about these processes from their films and show that everything that is placed in front of the camera is an entity that deserves the same level of attention, affection and respect.

Confiando sempre no instinto e na radical sensibilidade do público máis novo, así como na súa incomparable e desprexuizada forma de achegarse ao cinema, deseñamos unha programación que aspira a que o público máis xeneroso e esixente interactúe e comparta os seus descubrimentos e inquietudes a través do cinema.

A volta ás aulas con *Na Clase*, o encontro entre dúas realizadoras galegas e o alumnado do bacharelato artístico da nosa cidade, unha sesión que recupera a nosa colaboración co prestixioso programa educativo europeo *CinEd* e o acceso ao imaxinativo universo das colegas de *taller abierto* que co seu obradoiro volverán a sorprender a pequenos e adultos, completarán a proposta de **#AULA+NOVOS** para a Edición 06 de **Novos Cinemas.**

Always relying on the instinct and radical sensitivity of younger audiences, as well as their incomparable and unprejudiced way of approaching cinema, we created a program that aims for the most generous and demanding audience to interact and share their discoveries and concerns through films.

Returning to lessons with Na Clase, *the meeting between two galician filmmakers and the students of the artistic studies of our city, a session that recovers our collaboration with the prestigious European educational program* CinEd *and the access to the imaginative universe of our colleagues of* taller abierto, *will complete the offer of #* ***AULA + NOVOS*** *for the 06th Edition of* ***Novos Cinemas.***

#AULA+NOVOS

// ENCONTROS con CINEASTAS

Sabela Iglesias e **Adriana P. Villanueva** fundan a produtora creativa Illa Bufarda no 2012 e desenvolven proxectos creativos e multidisciplinares. En todo este tempo adquiren experiencia na creación audiovisual, en todos os seus procesos, desde a idea á postprodución, tanto en formatos curtos como longos. Na Illa Bufarda realizouse a longamentraxe *Fíos Fóra* (2015), a mediametraxe *Aberto e con fume* (2017) e a curtametraxe *Isaac, editor da memoria* (2012) entre outras moitas e variadas producións. Desde maio do 2019 a equipa da produtora medra coa incorporación de Pilar Abades, fotógrafa e profesional da imaxe desde 2012.

Sabela Iglesias and **Adriana P. Villanueva** founded the creative production company Illa Bufarda in 2012 doing various multidisciplinary works. Since then, they have acquired experience in all processes of audiovisual creation, from the idea to the post-production, both in short and long formats. Some of his projects are: the film *Fíos Fóra* (2015); Medium-length films such as *Aberto e con fume* (2017) and the short film *Isaac, editor da memoria* (2012), among many other and varied productions. Since May 2019, Pilar Abades has joined the team, photographer and image professional since 2012.

#AULA+NOVOS

15
DEC.
09.00 h.
Teatro Principal

Encontros con Adriana P. Villanueva e Pilar Abades. Para estudantado do IES A Xunqueira I. *Proxección + Presentación e coloquio coas produtoras.*

Meeting up the filmmakers. For IES A Xunqueira I students. *Screening of the film followed by a Q&A session with the producers.*

NEGRO PÚRPURA

España | 2021 | 82' | Cor

Dirección/Direction: Sabela Iglesias, Adriana P. Villanueva. **Guión/Script:** Sabela Iglesias, Adriana P. Villanueva. **Fotografía/Cinematography:** Pilar Abades. **Montaxe/Editing:** Sabela Iglesias. **Música/Music:** Paulo Pascual. **Son/Sound:** Adriana P. Villanueva, Marco Maril. **Voces/Voices:** Dolores Castro Viaño, Toni Salgado, Xosé Barato, Bernardo Casado, Paco Barreiro, Txema Regalado, Matthias Rehrl, Oliver Besthorn. **Produción/Production:** Sabela Iglesias and Adriana P. Villanueva. **Produtora/Production Company:** Illa Bufarda.

LSD, multinacionais farmacéuticas, pragas medievais, medicina popular e a CIA conectadas por un fungo alucinóxeno coñecido como ouro negro na Galiza do s.XX.

LSD, multinational pharmaceutical companies, medieval plagues, folk medicine, and the CIA connected by a hallucinogenic fungus known as black gold in one of the areas of greatest production of claviceps purpurea in the 20th century.

Begin Again Films
Sonia Abas
663 377 342
sara@beginagainfilms.es
https://beginagainfilms.es

// NA CLASE

Por cuarto ano, **Novos Cinemas** achegou o cinema ao espazo da aprendizaxe e a docencia con **Na Clase.**

O equipo do festival propuxo unha serie de actividades relacionadas cos inicios da historia do cinema. Fixamos a nosa atención no pre-cinema: esa época na que as investigacións sobre a locomoción, a percepción visual, e a obsesión pola representación ilusoria do movemento fixeron posible o nacemento do cinema. Combinando a divulgación de contidos e conceptos coa interacción directa co obxecto de estudo, xeramos o marco necesario para que o alumnado coñecese unha etapa sen a que sería imposible comprender a xénese e posterior desenvolvemento do cinema como arte. Agradecemos á dirección do centro educativo EEI Concepción Crespo Rivas (5º de infantil), e ao seu corpo docente a dispoñibilidade e colaboración no desenvolvemento das actividades.

During the school year, **Novos Cinemas** put in place **Na clase,** an initiative intended to bring film culture into Galicia's schools and high schools. In collaboration with several groups of teachers and students, our team developed a range of educational activities focusing on cinema and its history. This year we proposed a training program that encouraged the discovery of pre-cinema. The course, specially designed to suit the young learner's needs, combined masterclasses on the various events and technologies that led to the invention of moving pictures with practical workshops. This contributed to create a stimulating environment for young students, encouraging them to reflect on a historical period that is key to understanding cinema as we know it. We wish to thank the principals and administration staff of the school of Pontevedra with which we shared this wonderful and enriching experience: EEI Concepción Crespo Rivas.

#AULA+NOVOS

// CINED

CinEd é un proxecto de educación que ten o seu núcleo nunha colección de filmes de gran potencia expresiva, concibida como unha oportunidade para que a mocidade descubra e desfrute o cinema europeo. Un programa de cooperación europeo liderado polo Institut Français (París) e a Cinémathèque Française, e actualmente coordinado pola Cinemateca Portuguesa - Museu do Cinema e cofinanciado polo programa MEDIA. En España, CinEd é coordinado e impulsado por A Bao a Qu co apoio do Ministerio de Educación, o ICAA e o Instituto Cervantes. En Galicia desenvólvese en cooperación con AGADIC–CGAI.

Novos Cinemas súmase novamente a un proxecto pioneiro, do que foi un dos seus impulsores en Galicia.

http://www.cined.es

CinEd is an educational project that has its core in a collection of films of great expressive power and it is conceived as an opportunity for young people to discover and enjoy European cinema.

This is a European cooperation program led by the Institut Français (Paris) and the Cinémathèque Française, and currently coordinated by the Portuguese Cinematheque - Museu do Cinema and co-financed by the MEDIA program. In Spain, CinEd is coordinated and promoted by A Bao a Qu with the support of the Ministry of Education, ICAA and the Instituto Cervantes. In Galicia, it is developed in cooperation with AGADIC – CGAI.

Novos Cinemas joins once again a pioneering project, of which it was one of its promoters in Galicia.

16
DEC.
09.00 h.
Teatro Principal

Sesión CinEd + Coloquio co alumnado.
Para escolares do Colegio Nuestra Señora de los Dolores.
*Proxección da longometraxe **The Happiest Girl in the World** (A moza máis feliz do mundo) de Radu Jude (Rumania, 2009)*

CinEd screening + Q&A session with the students.
For ESO students (Colegio Nuestra Señora de los Dolores).
Screening of CinEd's long feature **The Happiest Girl in the World** by Radu Jude (Romania, 2009).

#AULA+NOVOS

18
DEC.
11.00 h. a 12.30 h.
Museo de Pontevedra

Gratuíto previa inscripción.
Dirixido a rapaces e rapazas de 8-12 anos.

Free Entry. Pre-registration is required.
For children between 8 and 12 years

// ARQUITECTURA DE HISTORIAS: O ESPAZO NO CINEMA

Aparentemente, a historia e os personaxes son os ingredientes principais dun filme, pero hai outros factores que contribúen a que unha boa historia se transforme nunha obra mestra. O espazo e a arquitectura son algúns dos puntos de apoio para o desenvolvemento argumental dun filme, mais en moitas ocasións, devanditos elementos transcenden o seu funcional destino de continente para un contido e se transforman en auténticos protagonistas, facendo que sexa practicamente imposible entender o relato sen a súa sensorial, física e metafórica presenza.
Tomando como referente un filme representativo da historia do cinema, neste taller plástico abordaremos os postulados da arquitectura do Movemento Moderno e as súas relacións coa cidade e o entorno urbano.
Trátase dunha actividade creativa que fomenta o espírito crítico e onde cada participante reflexionará sobre as vantaxes e os inconvenientes que comportan conceptos ou termos tan semantizados como tradición e modernidade.

The plot and characters are the main ingredients of a film, but there are some other factors that contribute to a good story turning into a masterpiece. Space and architecture are some of the fastening points for the plot development of a film, but in many cases, these elements transcend their functional destination and become real characters: making it almost impossible to understand the story without its sensory, physical and metaphorical presence. From a reference film representative of the history of cinema, in this workshop we will address the postulates of the architecture of the Modern Movement and its relations with the city and the urban context.
It is a creative activity that encourages the critical spirit and where each member will reflect on the advantages and disadvantages of concepts or terms as tradition or modernity.

Asociación Cultural Urbana taller abierto.
Taller abierto constitúese en 2013 en Pontevedra. Desde a xestión cultural xera accións e implementa programas plásticos e creativos en toda Galicia; desenvolvendo proxectos artísticos e culturais. Entre as súas actividades atópanse a organización de cursos, a coordinación de comunidades de aprendizaxe e o comisariado de exposicións. Na área socioeducativa o seu labor céntrase no deseño de programas didácticos e de integración social en artes plásticas e arquitectura para nenos e docentes, así como na creación, organización e execución de xornadas e congresos.

Asociación Cultural Urbana taller abierto.
Taller abierto was established in 2013 in Pontevedra. Through cultural management, it organizes initiatives and implements plastic and creative programs throughout Galicia; developing artistic and cultural projects. Its activities include organizing courses, coordinating learning communities and curating exhibitions. In the socio-educational area, their work focuses on the design of didactic and social integration programs in plastic arts and architecture for children and teachers, as well as in the creation, organization and holding of conferences and congresses.

PLAY-DOC

Tui XVIII International Film Festival

May 4-8 2022

CALL FOR ENTRIES NOW OPEN

Deadline April 1 2022

WWW.PLAY-DOC.COM

NOVOS CINEMAS#LAB é un programa internacional que busca favorecer e promover o desenvolvemento de proxectos cinematográficos de cineastas noveis mediante o encontro entre realizadores e profesionais de recoñecida traxectoria e notoria sensibilidade hacia propostas de natureza independente.

Nesta edición, os nosos asesores titorizarán catro proxectos –dous de procedencia nacional, dous de orixe galega– que se atopan en diferentes fases de desenvolvemento e guiarán aos cineastas en función da casuística e das particularidades de cada unha das propostas.

NOVOS CINEMAS#LAB *is an international program that seeks to support and promote the development of film projects by new filmmakers through meetings between new authors and professionals of recognized scope and notorious sensitivity who have independent proposals.*

In this edition, our consultants will tutor four projects –coming from Spain and Galicia– that are in various stages of development and will guide the filmmakers on a case-by-case basis, taking into account the particularities of each of the proposals.

#LAB

Ana Sierra (Avilés, 1984) é guionista de ficción, creativa publicitaria e xestora cultural. Produtora Executiva do Festival de Artes Escénicas en Azoteas: ESZENIT 2017. Tras máis de trece anos contando historias para marcas, dá o salto á ficción cursando o Máster de Guión do Grupo Mediapro, produtora na que traballa como guionista. Da man de Iván Escobar, *Express* é o primeiro proxecto de serie no que participou. A súa afección polo cinema independente levoulle a realizar talleres cos directores Oliver Laxe e Jonás Trueba. O seu proxecto *Terror Killer Kelly* foi seleccionado polo Laboratorio de Terror do Festival de Cinema Fantástico Nox. É guionista de *Ruta Norte*, un relato político e documental da noite química dos anos 90, seleccionado no Laboratorio do Festival de Cinema de Xixón.

Ana Sierra (Avilés, 1984) is a fiction scriptwriter, advertising creative and cultural manager. In 2017, she was the Executive Producer of the Festival de Artes Escénicas en Azoteas: ESZENIT. After more than thirteen years telling stories for brands, she jumps into fiction by studying the Master's Degree of Screenwriting at the Mediapro Group, a production company where she works today as a screenwriter. Along with Iván Escobar, *Express* is the first TV series project in which she has participated. Her fondness for indie cinema has led her to hold workshops with directors like Oliver Laxe and Jonás Trueba. Her *Terror Killer Kelly* project was selected by the Nox Fantasy Film Festival's Horror Lab. Ana is the scriptwriter of Ruta Norte, a political and documentary story of the 90s, selected in the Lab of the Festival de Cine de Xixón.

GUAJES

España | Primeira longametraxe/First feature film

Dirección/Direction: Ana Sierra
Produción/Production: Ana Sierra
Estado/Current status: Desenvolvemento/Development

Guaje é unha palabra exclusiva da lingua asturiana, tamén coñecida como bable, que se utiliza para nomear aos nenos, raparigos ou rapaces que andan polas rúas de calquera pobo ou vila da rexión. Guaje e traballo gardan unha relación etimolóxica. Este vocábulo ten a súa orixe nos albores da minería, utilizábase para catalogar ao traballador máis pequeno, ao neno que desde moi temperá idade malgastaba os seus mellores anos, a súa saúde e a súa vida, na mina. En pleno boom inmobiliario, o 40% da poboación xuvenil asturiana abandonou os seus estudos de secundaria para traballar e subirse ao tren da vida dos 2000.

Guaje is an exclusive word from the Asturian language, known as bable, which is used to name children, boys or youngsters of any town or village in the region. Guaje and work have an etymological relationship. This word has its origin in the dawn of mining, it was used to catalogue the smallest worker, the child who left his best years, his health and his life in the mine from a very young age. In the middle of the housing boom, around 40% of the Asturian youth population dropped out high school to work and start a new life in the 2000s.

Víctor Soho (Vigo, 1999) se muda a Madrid para cursar os estudos en Cinema Documental na ECAM, ao mesmo tempo estuda a licenciatura en filosofía pola UNED. Os seus traballos puideron verse en espazos como a Cineteca de Matadero. Un dos seus escritos, *Atrapar con las manos el aire,* forma parte da antoloxía *Árboles frutales* da Editorial 16.

Víctor Soho (Vigo, 1999) moves to Madrid to study Documentary Film at ECAM and a Bachelor's Degree in Philosophy. His works have been shown in spaces such as the Cineteca de Matadero. One of his writings, *Atrapar con las manos el aire,* is part of the anthology *Árboles frutales* of Editorial 16.

LA ADOLESCENCIA INFINITA

Galicia | Primeira longametraxe/First feature film

Dirección/Direction: Víctor Soho
Produción/Production: Víctor Soho
Estado/Current status: Produción/Production

Natalia, de 14 anos, é unha moza insegura. Nunca bicou a ningún mozo e séntese desprazada do resto da súa clase. Apenas ten amigues e pasa o seu tempo xogando en liña con xente que descoñece. Natalia, de 102 anos, é unha muller moi segura e moi politizada exiliada en China por pertencer a unha banda terrorista en Galicia. Un extraterrestre, milenios despois da extinción da raza humana, tenta reconstruír a súa historia. Que une estas tres historias? A festa infinita duns mozos que despiden a súa época universitaria.

Natalia, 14, is an insecure girl. She has never kissed any boy and feels displaced from the rest of her class. She barely has any friends and spends her time playing online with people she doesn't know. Natalia, 102, is a very confident and highly politicized woman exiled in China for being part of a terrorist group in Galicia. An alien, thousands of years after the extinction of the human race, tries to piece together her history. What is the connection between these three stories? The endless party of some youngsters saying goodbye to their college days.

Coa finalidade de explorar as posibilidades e os límites da imaxe sonora en movemento, **Antonio Llamas** (1992, Madrid) e **Lucas G. Torralbo** (1993, Madrid), fundan o colectivo cinematográfico *Espírituescalera*. As súas obras percorreron festivais internacionais (DocLisboa, FICVIÑA, Minsk Listapad ou Riga IFF) e foron exhibidas na Bienal de Venecia 2018 e na Primeira Bienal Feminina de Rabat 2019, así como en MATADERO ou La Fábrica de Armas de Oviedo. Actualmente, atópanse en proceso de postprodución de tres proxectos: *Mitología de Barrio; Dulcinea, La Llorona;* e *Lectura íntegra de La sociedad del espectáculo en Atenas a la primera*. En paralelo, están desenvolvendo a súa primera longametraxe *Laguna el ministro*.

In order to explore the possibilities and limits of the moving sound image, Antonio Llamas (1992, Madrid) and Lucas G. Torralbo (1993, Madrid), founded the *Espírituescalera* film collective. Their works have toured international festivals (DocLisboa, FICVIÑA, Minsk Listapad or Riga IFF) and have been exhibited at the Venice Biennale 2018 and the First Rabat Women's Biennial 2019, as well as at Matadero or La Fábrica de Armas in Oviedo. Today, they have three projects in the post-production phase: *Mitología de Barrio; Dulcinea, La Llorona;* and *Lectura íntegra de la sociedad del espectáculo en Atenas a la primera*. In addition, they are developing their first feature film, *Laguna el ministro*.

LAGUNA EL MINISTRO

España | Primeira longametraxe/First feature film

Dirección/Direction: Antonio Llamas (espírituescalera)
Guión/Screen: Lucas G. Torralbo (espírituescalera)
Produción/Production: Eva Bodas & Laura Sánchez
Estado/Current status: Desenvolvemento/Development

Un ministro percorre as silenciosas rúas dun barrio obreiro de bloques de casas colmea. Das xanelas das vivendas comezan a caer aos seus pés algunhas laranxas, un coitelo, libros e unha pedra. Unha choiva de obxectos, algúns perigosos. Acelerando o paso, cóbrese co maletín e chega a unha gran autoestrada, na que nun coche negro oficial está aparcado cun chofer que agarda por el. Continúan a viaxe e hai un rumor que contamina o aire. Un ministro perdeu a fe na política e abandonou o seu cargo sen previo aviso perdéndose na periferia do país que goberna.

A minister walks the silent streets of a working-class neighbourhood and block of houses. Some oranges, a knife, some books and stones start to fall at his feet from the windows of these houses. A rain of dangerous objects. He covers himself with his briefcase as he runs and arrives at a large highway, where an official black car and a driver are waiting for him. They continue the journey and there is a buzz in the air. A minister has lost faith in politics and left the office without warning, losing himself on the periphery of the country where he rules.

#LAB // PROXECTOS

Paula Pérez López (1986) estuda Comunicación Audiovisual en Santiago de Compostela. No 2007 especialízase en Dirección Cinematográfica na CECC (Barcelona). Ao acabar os estudos vaise a Francia, onde crea Koalalumpur, produtora audiovisual na que desenvolve proxectos dos que é realizadora e montadora. Durante sete anos escribe, dirixe e monta máis de vinte videoclips con grupos tan relevantes como Cabadzi, ou a web-serie *Se vous n'aimez pas a montagne,* programada no Festival Cinépride e no Festival International du Film de Montagne; así como curtametraxes, concertos e festivais como o Festival Son ou Indigènes. En 2019 instálase en Madrid e iníciase no mundo do documental co proxecto T*reinta grados de separación,* un documental creativo que narra dúas relacións e dúas rupturas amorosas filmadas nun período de 35 anos.

Paula Pérez López (1986) studied Audiovisual Communication in Santiago de Compostela. In 2007, she specialized in Film Direction at the CECC in Barcelona. After finishing her academic formation, Paula moved to France, where she created Koalalumpur, an audiovisual production company where she developed several projects. For seven years she has written, directed and edited more than twenty music videos with bands such as Cabadzi, or the webseries *Se vous n'aimez pas a montagne,* scheduled at the Festival CinéPride Festival and the Festival International du Film de Montagne; as well as short films, concerts and festivals. In 2019, she moved to Madrid and starts to dig into the world of documentary with the project *Treinta grados de separación,* a creative documentary that tells the story of two relationships and two love breaks filmed over a period of 35 years.

TREINTA GRADOS DE SEPARACIÓN

Galicia | Primeira longametraxe/First feature film

Dirección/Direction: Paula Pérez López
Produción/Production: Buscando productora/Looking for a production company
Estado/Current status: Montaxe e postprodución/Edition and postproduction

En 1989, José Luis e Luz María, un novo matrimonio que vive en Galicia e acaba de ter unha filla, divórciase. Trinta anos despois, a súa filla Paula, que vive en Francia desde fai dez anos coa súa noiva Joy, sepárase. A través de vídeos caseiros rodados durante trinta anos, este documental fai unha autopsia a dúas rupturas amorosas separadas no tempo. Os catro personaxes tentan vivir o presente sen deixar atrás o pasado. A través dun diálogo entre estas dúas historias preténdese saber que nos deixa o amor cando este se acaba.

In 1989, José Luis and Luz María, a young couple living in Galicia, got divorced. Thirty years later, their daughter Paula, who has been living in France for ten years with his girlfriend Joy, gets divorced too. Through homemade videos shot over thirty years, this documentary does an autopsy of two time-separated love breaks. The four characters try to live in the present without leaving the past behind. A dialogue between these two stories tries to show what love leaves us when it ends.

ELENA MARTÍN

Dacabalo entre o cinema, teatro, actuación e dirección. *Júlia Ist* foi o seu debut como directora (Biznaga de Plata Mellor Dirección, Mellor Película, Movistar+ Mellor Película no Festival de Málaga). Elena dirixiu dous episodios de *Vida perfecta* de Leticia Dolera (Mellor Actuación, Mellor Serie en Cannes Series). Actuou en *Suc de síndria* (Finalista Mellor Curta - EFA), *Con el viento* e *Las amigas de Ágata*. Nas Artes Escénicas, Elena é co-fundadora do laboratorio de creación Elsmalscuts e o colectivo VVAA. Elena escribiu a serie *Veneno* de "Los Javis" para Atresmedia e estreou a obra *This is Real Love* (Teatre Lliure).

Straddling the world of cinema, theatre, acting and directing, her debut as a director was *Júlia Ist* (Biznaga Plata Best Director, Best Film, Movistar+ Best Film at Malaga IFF). She directed two episodes of *Perfect Life* by Leticia Dolera (Best Performance, Best Series at Cannes Series). As an actress, she starred in the short film *Suc de síndria* (EFA-nominated: Best Short), *Con el viento*, and *Agata's Friends*. As a performing artist, she has co-founded the creative lab Elsmalscuts and the VVAA collective. Elena wrote *Veneno*, a series by "Los Javis" for Atresmedia, and premiered the play *This is Real Love* (Teatre Lliure).

ISONA ADMETLLA

Isona Admetlla é socióloga, xestora cultural, docente, consultora e deseñadora de audiencias. Nada en Barcelona e residente en Berlín, é coordinadora do Fondo para a Cinematografía Berlinale-World Cinema Fund desde o 2009. Como autónoma deseña e imparte seminarios de capacitación e formación a medida sobre financiamento, márketing, distribución, pitching e deseño de audiencias cinematográficas en universidades e outras institucións. Participa regularmente en comités de selección de proxectos como xurado ou conferenciante. É membro do comité de selección do Málaga Festival Fund and Co-Production Event e titora de proxectos. Tamén formou parte do comité de selección do ICAA Junta de Andalucía, FDC o Ventana Sur e é avaliadora experta de Media Single Project e Slate Funding, entre outros. Tamén é EAVE Alumni de Marketing e Distribución e Deseñadora de Audiencias do Torino Film Lab.

Isona Admetlla is a sociologist and cultural manager, teacher, consultant and audience designer.
She was born in Barcelona and lives in Berlin. She has been coordinating the Berlinale-World Cinema Fund for cinematography since 2009. As a freelancer, she designs and delivers tailor-made training and education seminars on financing, marketing, distribution, pitching and design of film audiences at universities and other institutions.
She regularly participates in project selection committees, as a jury member or lecturer. She is a member of the selection committee of the MAFF (Málaga Festival Fund and Co-Production Event) and a project tutor. She has also been part of the selection committee of the ICAAJunta de Andalucía, FDC and Ventana Sur and is an expert evaluator of MediaSingle Project and Slate Funding, among others. She is also an EAVE Alumni of Marketing and Distribution and Audience Designer of the Torino Film Lab.

#LAB // EQUIPO ASESOR
#LAB // ADVISORY TEAM

RICARDO SARAIVA

Ricardo Saraiva é o montador de *O Marinheiro das Montanhas* (2021) e *Amparo* (2021), estreadas no Festival de Cine de Cannes de 2021. *Amparo* gañou o premio Rising Star na Semana da Critica de Cannes. Tamén é montador de *Leidi* (2014), Palma de Ouro á Mellor Curtametraxe en Cannes, e de *Nardjes A.* (2020) de Karim Aïnouz –Berlinale Panorama 2020–, e da ópera prima de Emre Kayis *Anatolian Leopard* (2021) –TIFF 2021–.

Ricardo Saraiva is an editor known for *O Marinheiro das Montanhas* (2021), and *Amparo* (2021), both of which premiered at the 2021 Cannes Film Festival. *Amparo* won the Rising Star Award at the Semaine de la Critique. He's also the editor of *Leidi* (2014), winner of the Cannes Short Film Palme d'Or, Karim Aïnouz's *Nardjes A.* (2020) – Berlinale Panorama 2020–, and Emre Kayis' debut feature, *Anatolian Leopard* (2021) –TIFF 2021–.

XAVI FONT

Xavi Font é especialista na composición de música para cinema, televisión e publicidade.
Actualmente colabora con numerosas produtoras, a nivel nacional e internacional, como compositor e supervisor musical, implicándose nos proxectos desde a fase inicial estratéxica ata a entrega da produción final. É membro da European Film Academy, Academia das Artes e as Ciencias Cinematográficas de España e Academia Galega do Audiovisual, onde forma parte da súa directiva.
En 2020 foi recoñecido polo seu traballo na aclamada serie *Hierro* xunto a Elba Fernández e tamén na súa faceta de produtor da multipremiada *O que arde* de Oliver Laxe, na que tamén aparece como produtor musical e compositor de música adicional.

Xavi Font is a specialist in composing music for film, television and advertising. He is currently collaborating with several production companies, both nationally and internationally, as a composer and music supervisor, getting involved in projects from the initial strategic phase to the delivery of the final production. Xavi is a member of the European Film Academy, the Academia de las Artes y las Ciencias Cinematográficas and the Academia Galega do Audiovisual, where he is part of its board. In 2020, he has been recognized for his work in the acclaimed series *Hierro*, along with Elba Fernández, and also in his role as producer of Oliver Laxe's multi-award-winning film, *O que arde*, in which he also worked as a music producer and additional music composer.

Espazo no que se estimula o diálogo entre os diferentes axentes implicados no feito cinematográfico e no que se intercambian experiencias e reflexións sobre todo o que determina o devir dese corpo estraño denominado cinema, os **#Encontros** terán denominación de orixe. Pois nos achegaremos aos procesos de ideación e creación de catro cineastas, tres deles galegos.

